

# PLAN DE IGUALDADE

## CPI de Cova Terreña



Redacción: Outubro 2022

# Índice

1. Introducción.....	3
2. Contextualización do centro e normativa.....	5
3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBifobia.....	6
3.1 Alumnado. Memoria do curso 2021-22.....	6
3.1.1 Resultados académicos en Educación Infantil segundo o sexo (curso 2021-2022).....	6
3.1.2 Resultados académicos por sexos en Educación Primaria (ano escolar 2021-2022).....	6
3.1.3 Resultados académicos por sexos en materias ordinarias na Educación Secundaria Obligatoria. Avaliación ordinaria (ano escolar 2021-2022).....	8
3.1.4 Resultados académicos por sexos en materias pendentes na Educación Secundaria Obligatoria. Avaliación ordinaria (ano escolar 2021-2022).....	9
3.1.5 Alumnado repetidor por sexos na Educación Secundaria Obligatoria (ano escolar 2021-2022).....	11
3.1.6 Alumnado por sexos proposto para a FP Básica (ano escolar 2021-2022).....	11
3.1.7 Distribución por sexos en canto ao abandono escolar, absentismo e atención domiciliaria en ESO (ano escolar 2021-2022).....	11
3.1.8 Distribución por sexos na conflictividade escolar: apertura de expedientes disciplinarios (ano escolar 2021-2022).....	12
3.2 Alumnado. Datos do curso 2022-23.....	12
3.2.1 Distribución por sexo (ano académico 2022-2023).....	12
3.2.2 Distribución por sexo das Necesidades Especificativas de Apoio Educativo (curso 2022-2023).....	13
3.2.3 Delegados/-as de curso (ano académico 2022-2023).....	14
3.3 Profesorado. Diagnose do curso 2022-2023.....	15
3.3.1 Distribución do profesorado por sexo.....	15
3.3.2 Distribución por sexo do equipo directivo.....	15
3.3.3 Distribución dos xefes/-as de Departamento por sexo.....	15
3.3.4 Distribución por sexo dos membros da Comisión de Coordinación Pedagóxica.....	15
3.3.5 Distribución do Consello Escolar por sexo.....	15
3.3.6 Distribución por sexo da figura da titoría en Ed. Infantil, Primaria e Secundaria. Cotitoría en ESO.....	16
3.3.7 Distribución por sexo do persoal non docente (administrativos/-as, subalternos, coidadores/-as e auxiliar de conversa).....	16
3.4. Diagnose do espazo do patio.....	16
4. Obxectivos.....	18
Obxectivos xerais.....	18
Obxectivos Específicos.....	19
5. Seguimento e avaliación.....	20
6. Propostas de actuación para o curso 2022-23.....	25
6.1. Propostas xerais.....	25
6.2. Propostas correctoras durante o tempo de recreo.....	27
6.3. Propostas específicas para o curso 2022-2023.....	28

## 1. Introducción

---

Desde o ano 2000, a igualdade de xénero é un aspecto primordial do labor do Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD), dos seus socios da ONU e do resto da comunidade global, rexistrándose avances extraordinarios. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) aséntansen nestes logros para garantir a fin da discriminación a mulleres e nenas en todo o mundo. Os obstáculos máis difíciles de superar, e que aínda persisten, son a violencia e a explotación sexual, a división desigual do traballo non remunerado -tanto doméstico como no coidado doutras persoas- e a discriminación na toma de decisións no ámbito público.

A igualdade de xénero é uno dos 17 Obxectivos Globais da nova *Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible*. Empoderar ás mulleres e promover a igualdade de xénero (obxectivo número 16) é fundamental para acelerar o desenvolvemento sostible. Poñer fin a todas as formas de discriminación contra mulleres e nenas, contra a diversidade na identidade de xénero ou na orientación afectivo-sexual, non é só un dereito humano básico, senón que ademais ten un efecto multiplicador en todas as demais áreas do desenvolvemento. Pero non estamos a vivir bos tempos, necesitamos medidas que revertan as desigualdades que sofren as mulleres e as nenas nos ámbitos da saúde, a economía, a seguridade e protección persoal e sexual; nesta procura o noso centro escolar programa, a materia de Proxecto Competencial, para o curso 2022-23, arredor da temática dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Varios deles relaciónanse estreitamente coa materia de igualdade que nos ocupa:

- O número 3 “Saúde e benestar” recolle, entre os seus fins, reducir a mortalidade materna; factores clave neste descenso son a atención prenatal, á planificación familiar e o uso de métodos anticonceptivos (traballarase no nivel de 3º ESO).
- O número 5 “Igualdade de xénero no empoderamento da muller” é o ODS ao que se achegará o noso alumnado de 4º de Educación Primaria. Evidencias como o menor número de nenas escolarizadas, a existencia aínda de matrimonios precoces e concertados, a escasa presenza de mulleres en cargos relevantes... servirán para entender a igualdade entre xéneros como un condicionante necesario para a prosperidade e a paz social.

- O oitavo ODS, “Traballo digno e crecemento económico”, é un terreo revelador da desigualdade existente entre mulleres e homes: a brecha salarial é dun 23% nun mercado laboral no que os homes gañan un 12,5% máis desempeñando o mesmo labor, aínda que non debemos esquecer que os labores do fogar e de coidado de persoas dependentes desenvólvenno as mulleres 2,6 veces máis cós homes, que supoñen un 94% da poboación activa fronte ao 63% das mulleres. Sobre esta realidade reflexionará o noso alumnado de 1º de ESO.
- O obxectivo número 10 “Redución das desigualdades” tamén será abordado co alumnado de 1º de ESO. As desigualdades sociais xa existentes acentuáronse coa COVID, golpeando sempre con máis forza aos vulnerables. Así, practicamente en todos os ámbitos, desde a saúde ata a economía, desde a seguridade ata a protección social a situación das mulleres e das niñas empeorou simplemente como consecuencia do seu sexo.

Queda, como se ve, moito que facer. E nesta obriga o sistema educativo ten un papel fundamental, procurando que as potencialidades do alumnado poidan desenvolverse libremente en igualdade, no sentido de que todas as persoas teñen o mesmo valor, e por iso somos iguais. O que non resulta igualitario nin xusto é tratar do mesmo xeito a quen son diferentes, nin aplicar modelos que rexeiten as diferenzas: ter o mesmo valor non implica unha uniformidade identitaria. A igualdade admite a diferenza, pero non a desigualdade.

Polo tanto, a finalidade deste proxecto é educar en igualdade, erradicar estereotipos e discriminacións por razóns de sexo, de identidade de xénero ou de orientación afectivo-sexual, e previr as súas consecuencias. Para evitar a reprodución de estereotipos sexistas na invisibilidade das mulleres e do colectivo LGBTI, na presunción de heterosexualidade na comunidade educativa, na discriminación por razóns de identidade de xénero ou orientación afectivo-sexual, na orientación profesional segregadora, nas diferenzas no uso de espazos, tempos e palabras, na normalización das agresións dos máis fortes contra as e os máis débiles, xustificadas nos estereotipos sexistas e homofóbicos, na prevalencia do masculino nos libros de texto e materiais curriculares e na presunción de familia nuclear heterosexual, faise necesaria a aplicación de medidas individuais e colectivas encamiñadas a promover a igualdade de oportunidades, e, por tanto, asentar as bases para conseguir un centro coeducativo, libre de discriminación e respectuoso con todas as diversidades, no que todos e todas os/as estudantes teñan o mesmo dereito a unha educación de calidade nun ambiente escolar seguro.

## 2. Contextualización do centro e normativa

---

O CPI de Cova Terreña atópase no centro da vila de Baiona e mantén unha vía directa e fluída de comunicación e actividade co Concello de Baiona, polo que tamén traballamos en colaboración do CIM do mesmo. Dende esta entidade recibimos abundantes propostas de actividades que se adaptan ao noso alumnado, asemade información de interese.

Con respecto á normativa que nos ampara en materia de igualdade, debemos recordar a lei orgánica 8/2013, de 3 maio, de Educación que contempla, en varios apartados, o tema da igualdade entre homes e mulleres. Vexamos a continuación algúns deles:

No seu preámbulo establece que só un sistema educativo de calidade, inclusivo, integrador e esixente, garante a igualdade de oportunidades e fai efectiva a posibilidade de que cada alumno ou alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

O artigo 1 establece que o sistema educativo debe favorecer o desenvolvemento na escola dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero.

No artigo 17.d "Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade". Este é un dos obxectivos que se pretenden en Ed. Primaria.

Outro obxectivo, neste caso para a Educación Secundaria Obrigatoria, atópase contemplado no Artigo 23. c "Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres".

O centro recolle como unha finalidade da súa PXA "adoptar medidas para garantir unha educación para a igualdade entre homes e mulleres, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade."

Ademais, recollemos como unha das funcións da Comisión de Convivencia (NOF do centro) "impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos."

Este ano académico 2022-23 -o primeiro da etapa postpandemia- perseguiremos estas metas nun escenario pleno de docencia.

### 3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBIfobia

#### 3.1 Alumnado. Memoria do curso 2021-22.

##### 3.1.1 Resultados académicos en Educación Infantil segundo o sexo (curso 2021-2022)

Ensinanza	Promoción				Non promoción				Total alumnado
4º Ed. Infantil	17 alumnos/-as				0 alumnos/-as				17
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	8	47,00 %	9	53,00 %	0	0,00%	0	0,00%	
5º Ed. Infantil	18 alumnos/-as				0 alumnos/-s				18
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	10	55,5%	8	44,5%	0	0,00%	0	0,00%	
6º Ed. Infantil	15 alumnos/-as				1 alumno/-a				16
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	7	46,6%	8	53,4%	0	0,00%	1	100,00%	

##### 3.1.2 Resultados académicos por sexos en Educación Primaria (ano escolar 2021-2022)

Ensinanza	Promoción				Non promoción				Total alumnado
1º Ed. Primaria A	15 alumnos/-as				0 alumnos/-as				15
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	8	53,30%	7	46,70%	0	0,00%	0	0,00%	

<b>Ensinanza</b>	<b>Promoción</b>				<b>Non promoción</b>				<b>Total alumnado</b>
1º Ed. Primaria B	14 alumnos/-as				0 alumnos/-s				14
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	6	42,86%	8	57,14%	0	0,00%	0	0,00%	
2º Ed. Primaria A	19 alumnos/-as				0 alumnos/-as				12
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	6	50,00%	6	50,00%	0	0,00%	0	0,00%	
2º Ed. Primaria B	11 alumnos/-as				0 alumnos/-as				11
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	6	54,55%	5	45,45%	0	0%	0	0,00%	
3º Ed. Primaria A	19 alumnos/-as				0 alumnos/-as				19
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	10	52,64%	9	47,36%	0	0,00%	0	0,00%	
3º Ed. Primaria B	18 alumnos/-as				0 alumnos/-as				18
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	8	44,45%	10	55,55%	0	0,00%	0	0,00%	
4º Ed. Primaria A	16 alumnos/-as				0 alumnos/-as				16
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	9	56,25%	7	43,75%	0	0,00%	0	0,00%	
4º Ed. Primaria B	15 alumnos/-as				0 alumnos/-as				15
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	6	40,00%	9	60,00%	0	0%	0	0%	
5º Ed. Primaria A	18 alumnos/-as				0 alumnos/-as				18
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	8	44,45%	10	55,55%	0	0,00%	0	0,00%	
5º Ed. Primaria B	18 alumnos/-as				0 alumnos/-as				18
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		

	5	27,8%	13	72,2%	0	0,00%	0	0,00%	
6º Ed. Primaria A	20 alumnos/-as*				0 alumnos/-as				20
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	9	45,00%	11	55%	0	0,00%	0	0,00%	
6º Ed. Primaria B	19 alumnos/-as**				0 alumnos/-as				19
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	6	31,58%	13	68,4%	0	0,00%	0	0,00%	

\* Neste grupo obtiveron Matrícula de Honra 10 alumnos/-as: 4 nenas (40,00%) e 6 nenos (60,00%).

\*\* Neste grupo acadaron Matrícula de Honra 6 alumnos/-as: 2 nenas (33,3%) e 4 nenos (66,6%).

### 3.1.3 Resultados académicos por sexos en materias ordinarias na Educación Secundaria Obrigatoria. Avaliación ordinaria (ano escolar 2021-2022)

Ensinanza	Promoción en xuño				Non promoción en xuño				Total alumnado
1º ESO A	17 alumnos/-as				0 alumnos/-as				17
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	6	35,30%	11	64,70%	0	0,00%	0	0,00%	
1º ESO B	15 alumnos/-as				2 alumnos/-as				17
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	11	76,48%	4	23,52%	0	0,00%	2	100%	
1º ESO C	9 alumnos/-as				0 alumnos/-as				16
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	13	81,25%	3	18,75%	0	0,00%	0	0,00%	
2º ESO A	18 alumnos/-as				0 alumnos/-as				18
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	9	50,00%	9	50,00%	0	0,00%	0	0,00%	
2º ESO B	9 alumnos/-as				0 alumnos/-as				18
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	7	38,89%	11	61,11%	0	0,00%	0	0,00%	



Ensinanza	Promoción en xuño				Non promoción en xuño				Total alumnado
2º ESO C	16 alumnos/-as				2 alumnos/-as				18
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	8	50,00%	8	50,00%	1	50,00%	1	50,00%	
3º ESO A	16 alumnos/-as				1 alumno				18
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	9	56%	8	44,44%	0	0,00%	1	100,00%	
3º ESO B	18 alumnos				1 alumno				19
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	11	63,16%	7	36,84%	0	0,00%	1	100,00%	
4º ESO A	19 alumnos/-as*				0 alumnos/-as				19
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
4º ESO B	10	52,64%	9	47,36%	0	0,00%	0	0,00%	20
	20 alumnos/-as				0 alumnos/-as				
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	9	45,00%	11	55,00%	0	0,00%	0	0,00%	

\* Neste grupo obtiveron Matrícula de Honra 2 alumnas (100%).

### 3.1.4 Resultados académicos por sexos en materias pendentas na Educación Secundaria Obrigatoria. Avaliación ordinaria (ano escolar 2021-2022)

Ensinanza	Promoción en xuño				Non promoción en xuño				Total alumnado
2º ESO A (materias pendentas de 1º ESO)	3 alumnos/-as				0 alumno/-a				3
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	2	66,00%	1	33,00%	0	0,00%	0	0,00%	
2º ESO B (materias pendentas de	1 alumno				1 alumno				2
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		

Ensinanza	Promoción en xuño				Non promoción en xuño				Total alumnado
1º ESO)	0	0,00%	1	100,00%	0	0,00%	1	100,00%	
2º ESO C (materias pendentes de 1º ESO)	2 alumnos				1 alumno				3
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	0	0,00%	2	100,00%	0	0,00%	1	100,00%	
3º ESO A (materias pendentes de 2º ESO)	2 alumnos/-as				1 alumno				3
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	1	50,00%	1	50,00%	0	0,00%	1	100,00%	
3º ESO B (materias pendentes de 2º ESO)	2 alumnos/-as				0 alumnos/-as				2
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	1	50,00%	1	50,00%	0	0,00%	0	0,00%	
4º ESO A (materias pendentes de 2º ESO)	2 alumnas				0 alumno/-a				2
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	2	100,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	
4º ESO A (materias pendentes de 3º ESO)	3 alumnos/-as				0 alumnos/-as				3
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	2	66,00%	1	33,00%	0	0,00%	0	0,00%	
4º ESO A (materias pendentes de 3º ESO- PMAR)	3 alumnos/-as				0 alumnos/-as				3
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	2	66,00%	1	33,00%	0	0,00%	0	0,00%	
4º ESO B (materias pendentes de 3º ESO)	2 alumnos				0 alumnos/-as				2
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	0	0,00%	2	100,00%	0	0,00%	0	0,00%	
4º ESO B (materias pendentes de 3º ESO- PMAR)	1 alumno				0 alumnos/-as				1
	Mulleres		Homes		Mulleres		Homes		
	0	0,00%	1	100,00%	0	0,00%	0	0,00%	

### 3.1.5 Alumnado repetidor por sexos na Educación Secundaria Obrigatoria (ano escolar 2021-2022)

Ensinanza	Alumnas		Alumnos		Total
	Alumnas	Porcentaxe	Alumnos	Porcentaxe	
1º ESO	0	0,00%	2	100,00%	2
2º ESO	1	100,00%	0	0,00%	1
3º ESO	2	66'6%	1	33'3%	3
4º ESO	0	0,00%	0	0,00%	0
TOTAL	3	50,00%	3	50,00%	6

### 3.1.6 Alumnado por sexos proposto para a FP Básica (ano escolar 2021-2022)

Ensinanza	Alumnas		Alumnos		Total
	Alumnas	Porcentaxe	Alumnos	Porcentaxe	
1º ESO	0	0,00%	0	0,00%	0
2º ESO	1	20,00%	4	80,00%	5
3º ESO	0	0,00%	0	0,00%	0
4º ESO	NS	-	NS	-	NS
TOTAL	1	20,00%	4	80,00%	5

### 3.1.7 Distribución por sexos en canto ao abandono escolar, absentismo e atención domiciliaria en ESO (ano escolar 2021-2022)

Ensinanza	Abandono escolar		Absentismo		Atención domiciliaria	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
ESO	1 alumno/-a		1 alumno/-a		0 alumno/-a	
	1	0	1	0	0	0
	100,00%	0,00%	100,00%	0,00%	100%	0,00%

### 3.1.8 Distribución por sexos na conflictividade escolar: apertura de expedientes disciplinarios (ano escolar 2021-2022)

Ensinanza	Expedientes disciplinarios			
Ed. Infantil	0 alumno/-a			
	Mulleres		Homes	
	0	0,00%	0	0%
Ed. Primaria	3 alumnos/-as			
	Mulleres		Homes	
	0	0,00%	3	100,00%
ESO	14 alumnos/-as			
	Mulleres		Homes	
	8	57,10%	6	42,90%

### 3.2 Alumnado. Datos do curso 2022-23

#### 3.2.1 Distribución por sexo (ano académico 2022-2023)

Ensinanza	Mulleres		Homes		Total
4º Educación Infantil	10	55,05%	8	44,50%	18
5º Educación Infantil	8	47,00%	9	53,00%	17
6º Educación Infantil	9	47,36%	11	52,64%	19
1º A de Educación Primaria	7	43,75%	9	56,25%	16
1º B de Educación Primaria	8	44'4%	10	56'6%	18
2º A de Educación Primaria	8	53,30%	7	46,70%	15
2º B de Educación Primaria	7	50'00%	7	50,00%	14
3º A de Educación Primaria	7	53,80%	6	46,20%	13
3º B de Educación Primaria	6	50'00%	6	50'00%	12
4º A de Educación Primaria	10	52,60%	9	47,40%	19

Ensinanza	Mulleres		Homes		Total
4º B de Educación Primaria	8	42'10%	11	57'90%	19
5º A de Educación Primaria	9	56,25%	7	43,75%	16
5º B de Educación Primaria	7	41,10%	10	58'90%	17
6º A de Educación Primaria	8	44,40%	10	56,60%	18
6º B de Educación Primaria	6	30,00%	14	70,00%	20
1º ESO A	11	40'70%	16	59,30%	27
1º ESO B	14	51,85%	13	48,15%	27
2º ESO A	16	66,60%	8	33,40%	24
2º ESO B	15	62'50%	9	37,50%	24
3º ESO A	8	42,10%	11	57,90%	19
3º ESO B	13	56'50%	10	43,50%	23
3º ESO-PDC	2	28'50%	5	71'50%	7
4º ESO A	8	47,00%	9	53,00%	17
4º ESO B	11	64,70%	6	35,30%	17
TOTAIS	218	50'10	217	49,90%	436

### 3.2.2 Distribución por sexo das Necesidades Especificativas de Apoio Educativo (curso 2022-2023)

Ensinanza	Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo				Total alumnado
	Mulleres		Homes		
4º Ed. Infantil	0	0,00%	0	0,00%	0
5º Ed. Infantil	0	0,00%	2	100,00%	2
6º Ed. Infantil	0	50,00%	1	100,00%	2
1º Ed. Primaria	1	50,00%	1	50,00%	2
2º Ed. Primaria	2	28,50%	5	71,50%	8
3º Ed. Primaria	3	60,00%	2	40,00%	5
4º Ed. Primaria	6	75,00%	2	25,00%	8

Ensinanza	Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo				Total alumnado
5º Ed.Primaria	2	50,00%	2	50,00%	4
6º Ed.Primaria	0	0,00%	2	100,00%	2
1º ESO	1	14,28%	6	85,72%	7
2º ESO	4	66,60%	2	33,40%	6
3º ESO	1	25,00%	3	75,00%	4
4º ESO	1	25,00%	3	75,00%	3
TOTAL	21	40,38%	31	59,62%	52

Está solicitado o programa PROA (pertencente a CPInnova) para o alumnado de 1º de ESO e 6º de Educación Primaria, co obxectivo de potenciar a aprendizaxe e o seu rendemento escolar, mellorando as expectativas sobre as súas propias capacidades e facilitando a súa continuidade na progresión da acción educativa.

### 3.2.3 Delegados/-as de curso (ano académico 2022-2023)

Ensinanza	Mulleres		Homes		Total
4º Educación Primaria	2	100,00%	0	0,00%	2
5º Educación Primaria	0	0,00%	2	100,00%	2
6º Educación Primaria	1	50,00%	1	50,00%	2
1º ESO	0	0,00%	2	100,00%	2
2º ESO	0	0,00%	2	100,00%	2
3º ESO	0	0,00%	3	100,00%	3
4º ESO	2	100,00%	0	0,00%	2

### 3.3 Profesorado. Diagnose do curso 2022-2023

#### 3.3.1 Distribución do profesorado por sexo

	Mulleres		Homes		Total
Mestres/-as	18	75,00%	6	25,00%	24
Profesorado ESO	14	60,80%	8	39,20%	22
Profesorado compartido (de ESO)	1	100,00%	0	0,00%	1
Total					47

#### 3.3.2 Distribución por sexo do equipo directivo

	Mulleres		Homes		Total
Equipo directivo	4	100,00%	0	0,00%	4

#### 3.3.3 Distribución dos xefes/-as de Departamento por sexo

	Mulleres		Homes		Total
Xefe/-a de Departamento	10	71,40%	4	28,60%	14

#### 3.3.4 Distribución por sexo dos membros da Comisión de Coordinación Pedagóxica

	Mulleres		Homes		Total
Comisión Coord. Pedagóxica	19	70,30%	8	29,70%	27

#### 3.3.5 Distribución do Consello Escolar por sexo

	Mulleres		Homes		Total
Consello Escolar	12	75,00%	4	25,00%	16

### 3.3.6 Distribución por sexo da figura da titoría en Ed. Infantil, Primaria e Secundaria. Cotitoría en ESO.

Titorías	Mulleres		Homes		Total
Ed. Infantil	3	100,00%	0	0,00%	3
Ed. Primaria	10	83,30%	2	16,70%	12
ESO	4	44,40%	5	55,60%	9

Cotitorías	Mulleres		Homes		Total
ESO	6	75,00%	2	25,00%	8

### 3.3.7 Distribución por sexo do persoal non docente (administrativos/-as, subalternos, coidadores/-as e auxiliar de conversa)

	Mulleres		Homes		Total
Persoal administrativo	0	0,00%	1	100,00%	1
Persoal subalterno	1	50,00%	1	50,00%	2
Coidadores/-as	1	100,00%	0	0,00%	1
Auxiliar de conversa	1	100,00%	0	0,00%	1

## 3.4. Diagnose do espazo do patio

Os patios dos centros escolares continúan a ser ferramentas dun profundo valor educativo. Moitas veces non se lles dá o xusto valor que conteñen polo seu sentido menos normativo. A súa ruptura co carácter académico da aprendizaxe na aula sitúa este espazo nunha illa onde os docentes, semella, non debemos intervir. O recreo non conta para nota, podería ser o resume que definiría esta situación. Porén, nestes espazos os/as estudantes móstranse ao natural; póñense de relevo que actividades prefiren, como se relacionan, que linguaxe empregan, as súas inquiredanzas, os seus prexuízos...



A información que proporciona o patio durante os recreos é variada:

- O alumnado moitas veces sen normas, inventa, polo costume, unhas propias: que deporte se practica nese espazo e quen pode practicalo (que sexo e de que idade).
- Práctica de actividades de demostración de forza pouco inclusivas, que provocan un clima pouco acolledor do espazo e xeran situacións de risco para o resto do alumnado e profesorado.
- Formas de ocupación do espazo: os nenos amplían os seus dominios, mentres as nenas ven diminuídos os seus a zonas máis tranquilas e reducidas.
- A linguaxe empregada pon de manifesto condutas que na aula se controlan: linguaxe machista, homófobo, xenófobo...
- As condutas durante o propio xogo: agresividade, volume de voz excesivo, copia de modelos de deportivos en boga, desprezo ao outro...
- A situación de marxinação nas actividades na que se ven abocados algúns individuos por diversas causas.
- O carácter inclusivo de algúns xogos e o carácter excluínste doutros.
- A incapacidade de xestionar eles mesmos o seu propio xogo dunha forma xusta e inclusiva, onde todo o mundo teña cabida e non só os máis habilidosos.
- A necesidade de contar coa presenza do profesorado para regular e xestionar algunhas actividades e condutas.
- O afastamento do pavillón dunha parte dos escolares por diversas causas, algunhas coñecidas e outras por coñecer (polo tipo de actividades, polas condutas...)
- O temor ou inhibición, especialmente dalgunhas nenas, a participar nas actividades que se propoñen desde o departamento de Educación Física, se o profesor non está presente.

## 4. Obxectivos

---

### Obxectivos xerais

- Descubrir nas experiencias diarias, escolares, extraescolares e en todo o ámbito da vida social e cultural, presente e pasada, a igualdade de posibilidades e a equivalencia de achegas dos homes e mulleres.
- Aceptar, respectar e valorar as características das outras persoas sen deixarse influír por ningún tipo de actitude discriminatoria en relación co sexo, coa orientación sexual e coa identidade de xénero.
- Participar de forma igualitaria, construtiva e solidaria na realización de xogos que -respectando as normas do protocolo anti-Covid- permita realizar, na medida do posible, actividades grupais, situacións de comunicación e repartición de responsabilidades e tarefas, rexeitando a división do traballo e de funcións por razón de sexo ou xénero.
- Colaborar na construción e no desenvolvemento dunha sociedade e dunhas relacións interpersoais baseadas no recoñecemento e respecto da individualidade, da singularidade e dos dereitos de toda persoa.
- Adoptar medidas para eliminar o uso sexista e heterosexista da linguaxe e promover unha imaxe pública e privada de mulleres e homes baseada na igualdade e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- Fomentar a corresponsabilidade coa repartición equilibrada de cargos e tarefas.
- Implicar aos responsables nas tarefas coeducativas e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- Sensibilizar ao profesorado na práctica de valores coeducativos e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- Desenvolver e traballar un novo modelo de masculinidade co alumnado.
- Concienciar á comunidade educativa no uso da linguaxe non sexista que presupón a heterosexualidade e o xénero, para que todas as persoas se sintan recoñecidas de forma positiva.
- Incorporar unha concepción de familia ampla e diversa, en consonancia coa rica diversidade de estruturas familiares presentes no centro educativo (familias homoparentais o lesboparentais, familias monoparentais, adoptivas, multiétnicas, multirraciais, transnacionais ou calquera outra das moitas formas de familia que están presentes na nosa contorna).
- Introducir de maneira expresa a educación na diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar e a loita contra o sexismo e a homofobia nos documentos oficiais de centro, empezando polo Proxecto Educativo, o Plan de Convivencia, o NOF e o Plan de Acción Titorial.
- Establecer os mecanismos para que todo o persoal do centro trate ao alumnado «trans-» conforme ao nome e ao xénero elixidos, sen cuestionar ou negar a súa identidade nin en público nin en privado.

## Objetivos Específicos

### a) Alumnado:

- Facer reflexionar ao alumnado sobre o prexuízo e a inxustiza que supón, tanto para os homes como para as mulleres, a asignación de roles por condicións de sexo.
- Favorecer e promover o respecto á libre orientación afectivo-sexual e a identidade de xénero.
- Fomentar unha actitude activa de rexeitamento a todo tipo de acoso sexista e homofóbico, de non participación en situacións de acoso, de apoio e defensa das persoas violentadas e de comunicación a calquera membro do persoal docente, ao seu titor ou titora, ao Departamento de Orientación ou ao Equipo directivo de situacións de violencia verbal o física, agresión sexual, acoso escolar homofóbico ou accións de odio.
- Propiciar a reflexión sobre as situacións estereotipadas e discriminatorias que son manifestas nos medios de comunicación, especialmente na televisión e nas publicacións escritas orientadas cara as mozas e os mozos.
- Respecto e desfrute en conxunto -observando sempre o protocolo de prevención da transmisión do Covid- as normas dos espazos de lecer que compartan baixo criterios de equidade, respecto aos demais e ao medio, aberto á participación independentemente da idade e do sexo.
- Estudar o perfil laboral de varias profesións, e reflexionar sobre a posibilidade de que calquera persoa poida desempeñar con total normalidade os traballos con independencia do seu sexo ou xénero.

### b) Profesorado:

- Establecer unhas pautas de actuación comúns que supoñan un apoio á igualdade de xénero e a promover un centro coeducativo e respectuoso coa diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.
- Reflexionar sobre a nosa práctica e os nosos prexuízos, mitos ou falsas crenzas baseadas no sexismo e na homofobia, presentes na nosa propia educación, que poidan influír no noso alumnado, e que poidan ser modificadas.
- Contribuír a facer do noso lugar de traballo un espazo seguro para as persoas LGBTI, visibilizando o rexeitamento de toda discriminación por motivos de orientación afectivo-sexual, diversidade familiar e identidade de xénero.
- Responder inmediatamente aos comentarios, chistes e burlas sexistas ou homófobas feitas polo alumnado ou polo persoal do centro, estean dirixidos ou non a mulleres ou a persoas LGBTI presentes. O silencio e a pasividade reforzan os comportamentos e actitudes de acoso sexista, homofóbico e transfóbico.
- Ser exemplo de respecto, linguaxe inclusiva e non sexista.

c) Familias:

- Reflexionar co alumnado sobre a importancia de establecer a igualdade de sexo e de xénero e da liberdade na elección da identidade de xénero e da libre orientación afectivo-sexual.
- Permitir que o alumnado teña as afeccións que desexe e escolla os traballos que lle gusten.
- Asimilar os perfís profesionais de distintas profesións e axudar a orientar ao alumnado independentemente do sexo.

## 5. Seguimento e avaliación.

---

Facemos memoria e recollemos a continuación as iniciativas executadas durante o ano escolar 2021-22:

En Educación Infantil traballouse a igualdade de xénero coas seguintes actuacións:

- xogos simbólicos.
- Xogos de roles.
- Dramatizacións.
- Confección de bonecos de papel salientando a igualdade.
- Debuxos.
- Bailes.
- Visionado de vídeos.
- Lectura de contos como: "Rosa Caramelo" de Adela Turín e "¡Vivan las uñas de colores!" de Alicia Acosta y Luis Amavisca.
- Traballar a canción "Igualdad de género", convertido xa nun himno feminista.

En 5º Ed. Primaria traballouse a igualdade de xénero coas seguintes actividades:

- Mulleres na ciencia.
- Mulleres xornalistas galegas.
- As Lavandeiras de San Simón.
- As mulleres ao longo da historia.

En Educación Secundaria desenvolvéronse as seguintes iniciativas:

- O 22 de decembro e con desenvolvemento ao longo de todo o curso, iniciouse, un ano máis, a actividade interdisciplinar *Quérote* + para o alumnado de 3º de ESO. Este programa, incluído no Plan Proxecta, artellou nun conxunto de obradoiros que, traballando a orientación e identidade sexual, promoveu modelos de relacións afectivo-sexuais respectuosas.

- O departamento de Educación Física artellou -nalgún caso en colaboración co Dpto de Bioloxía- e dentro do Proxecto de Vida Activa e Deportiva (PVAD) a visita e charla das seguintes mulleres avanzadas no deporte:

-Cristina Fernández Piñeiro, árbitra internacional de balonmán. Foi a primeira muller en arbitrar en Asobal (1988) e tamén a pioneira en ser árbitra internacional de balonmán en Europa (1991).

-Mila López Vernet, ciclista da modalidade handbike. Foi campioa da Copa de España do ano 2015 ao 2020, sendo Subcampioa de España de 2014 a 2019 (excepto no 2016 que foi campioa), alcanzou o primeiro lugar na Copa de Europa de Cáceres 2019, sendo subcampioa no 2020. É deportista de alto nivel de Galicia desde o ano 2019.

-Verónica Romero Rivero, na especialidade atleta e de aventureira, destacou pola realización da travesía polar de 600 Km no lago Baikal na rexión rusa de Siberia. Tamén completou un traxecto de 200 Km polo casquete polar de Barnes, na illa de Baffin, en Canadá.

Como colofón confeccionáronse unhas lonas que colgan no pavillón do centro cos logros destas mulleres.

-Fíxose unha análise do exercicio físico feito por mulleres no centro: horas adicadas, tipos de exercicio, razóns do abandono. Todo a través dunha enquisa enviada ao alumnado.

-Desde o *Proxecto Terra. O patio escolar construíndo un entorno de convivencia*, fomentamos a participación de todo o alumnado en igualdade, ofertando actividades, materiais e xogos innovadores, nos que todos teñan as mesmas oportunidades.

-No *Proxecto clases sen fume*, adicouse atención á publicidade enfocada na muller e a súa relación co tabaco.

-Participamos no programa XOGADE, onde se fixeron actividades do interese das alumnas.

-Tomamos parte no Programa DAFIS, onde se recolleu información acerca da condición física dos escolares, prestando unha especial atención ao colectivo feminino. Durante a Semana da Ciencia, realizada no centro escolar, expuxéronse os datos obtivos e xurdiu a posibilidade de cotexar algún dos parámetros de valoración da condición física.

-En EduSaúde tentamos incrementar a actividade física efectiva diaria das mulleres ao longo do horario lectivo, para o que desde o departamento de Educación Física implementáronse as seguintes medidas:

-Potenciar a aparición da muller en imaxes e vídeos didácticos.

-Describir as actividades coa utilización do xénero feminino como forma

de discriminación positiva.

-Realización de parellas ou grupos mixtos nas clases como norma xeral.

-Fomentar actividades máis centradas en roles menos competitivos e máis na xestión e solución de problemas mediante a cooperación.

- O departamento de Lingua castelá e Literatura programou a asistencia a unha representación teatral no propio centro titulada *Crónicas de Ouro* para o alumnado de 3º de ESO o día 6 de abril. O espectáculo, centrado no teatro do Século de Ouro -especialmente de Lope de Vega-, para analizou os diferentes roles e estereotipos dos personaxes tipo do teatro desta época e promoveu a reflexión sobre a masculinidade e feminidade ao longo do tempo.
- O departamento de Bioloxía completou as seguintes iniciativas:
  - Dentro do Contrato-Programa Inclúe-T e Iguála-T conmemorouse o 25N cunha Unidade didáctica sobre as desigualdades no deporte, remitida a todo o centro; incidimos neste aspecto coa charla ao alumnado de 3º ESO de Cristina Fernández Piñeiro (árbitra internacional de balonmán). Tamén se levaron a cabo obradoiros de igualdade en colaboración coa ANPA do centro.
  - Formación sobre hixiene menstrual e outros conceptos da sexualidade ao alumnado de 1º ESO a cargo do colectivo Alborada.
  - Análise dos espazos do patio e implementación de actividades igualitarias, realizada dentro do Programa Patios Escolares.
  - Arredor do 11 de Febreiro, Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, celebráronse charlas a cargo científicas como Patricia Quintas (científica do Centro Oceanográfico de Vigo) -no nivel de 4º ESO- e Elsa Vázquez (investigadora da Universidade de Vigo) -para o alumnado de 3º ESO-.
  - Exposición e concurso do 11F para todo o alumnado de Ed. Primaria e Ed. Secundaria, con entrega de agasallos aos participantes.
  - Exposición da Historia da desigualdade no Día Internacional da Muller, realizada polo alumnado de Valores Éticos de 1º e 2º ESO.
  - Charla da alpinista Verónica Romero ao alumnado de 1º ESO, a quen lle refire as súas exploracións aos Polos, ao carón doutra muller, Chus Lago.
  - Revista de mulleres no Deporte en formato banda deseñada, realizada polos alumnos e alumnas de Ed. Secundaria.
  - Conmemoración do Día Contra a Homofobia, a Transfobia e a Bifobia (17 de maio) cun mural xigante na fachada do centro escolar empregando as cores da bandeira LGTBI.



De modo xeral, damos conta tamén das medidas concretas levadas a cabo, empregando os seguintes indicadores de logro, segundo o grao de consecución acadado.

LIÑAS DE ACTUACIÓN	INDICADORES DE LOGRO			
	SEMPRE	MOITAS VECES	POUCAS VECES	NUNCA
Realizouse un diagnóstico, utilizando indicadores observables e contrastables.			X	
Incrementouse o emprego da linguaxe inclusiva e igualitaria nas actividades do centro.	X			
Mantívose a colaboración con outras entidades na realización de actividades coeducativas.	X			
Realizáronse actividades arredor das datas coeducativas.	X			
Concretouse o desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos.		X		
Revisouse o material didáctico empregado na aula dende unha perspectiva de xénero.		X		

LIÑAS DE ACTUACIÓN	INDICADORES DE LOGRO			
	SEMPRE	MOITAS VECES	POUCAS VECES	NUNCA
Realizáronse actividades de sensibilización na aula.	X			
Realizáronse actividades de información e sensibilización coas familias.		X		
Promovéronse lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.			X	
Empregáronse contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.		X		
Xestionáronse actividades e ocupación do patio para favorecer a inclusión	X			
Promoveuse a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual.	X			
Promoveuse a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, etc.	X			
Promoveuse o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.	X			
Promoveuse a corresponsabilidade na realización das tarefas.	X			
Incrementouse a participación das familias en actividades relacionadas coa formación en materia de igualdade.			X	

Con estes *items* avaliarase a participación activa de toda a comunidade educativa nas iniciativas propostas. Cada ano elaboraremos un balance final, onde se recollerán o grao de adquisición das finalidades e obxectivos marcados. Así mesmo valoraranse a coordinación entre o profesorado, o grao de participación de axentes externos (concello, asociacións, familias...), a consecución dos obxectivos, a actitude do alumnado e a implicación do claustro na materia de Igualdade, sendo moi conscientes de que esta é unha materia que abrangue aspectos moi diversos e de que precisa unha reivindicación constante.



## 6. Propostas de actuación para o curso 2022-23

---

As iniciativas que a continuación referimos son propostas de actuación que, de xeito colectivo, desenvolveranse nos patios, nas aulas... en calquera dependencia do centro e nos fogares do noso alumnado, coa fin de que se exporxe do mundo escolar á súa realidade social e cotiá, onde aínda perviven modelos ancestrais de relación, baseados no dominio e na submisión, que se reproducen, xeración tras xeración, a través de mecanismos fundamente arraigados. Este é o pulo que nos anima a traballar na construción dunhas relacións interpersoais -e, polo tanto, dunha sociedade- baseadas no recoñecemento e respecto da individualidade, da singularidade e dos dereitos de toda persoa.

### 6.1. Propostas xerais

- Impulsar, de ser posible, *O taboleiro de Coeducación*, para publicar novas e expoñer carteis, avisos e informacións importantes relacionadas co Plan de Igualdade, especialmente sobre as vítimas de violencia de xénero e para denunciar a utilización dunha linguaxe sexista en expresións visuais, orais, escritas e en contornos dixitais. O formato e a colocación deste taboleiro está aínda por concretar, aínda que se valora como o máis indicado un lugar de tránsito, como un corredor.
- Favorecer un uso da linguaxe non sexista nin heterosexista:
  - Usar a linguaxe inclusiva no centro e na aula.
  - Revisaran e modificar, se procede, todos os documentos do centro, para incorporar unha linguaxe non sexista, que garanta a eliminación dos prexuízos culturais e os estereotipos sexistas discriminatorios.
  - Revisión da linguaxe utilizada na aula e a que aparece nos libros, eliminando, o sexismo e a LGBTIfobia onde os haxa.
- Incrementar a biblioteca do centro con títulos, filmes e outro material coeducativo e relativo á diversidade afectivo-sexual, familiar e de identidade de xénero.
- Organización de obradoiros, charlas e actividades relacionadas coa igualdade de xénero, contra a violencia sexista, a LGBTIfobia,... con asociacións especializadas.
- Levar a cabo actividades para coñecer a presenza feminina en todos os campos da cultura, a arte, a ciencia, o deporte e a vida cotiá para poder valorar as importantes achegas que fixeron e seguen facendo as mulleres á sociedade. Preténdese que o recoñecemento leve á valoración e ao respecto.

- Visibilizar elementos de desigualdade de xénero na comunidade educativa, a súa evolución no centro, así como deseñar as intervencións que os corrixan.
- Contribuír a erradicar a violencia de xénero, tanto promovendo actuacións encamiñadas á sensibilización, visibilización e prevención desta lacra, como fomentando a detección precoz e a intervención ante este tipo de violencia ámbito educativo. A este fin sería interesante a creación da figura do "Observador/-a de aula", un alumno/-a encargado desta tarefa e que recibe esa formación a través do equipo de Mediación.
- Orientación da acción titorial na ESO cara aos obxectivos dunha educación non sexista e concienciadora traballando o autoconcepto e a autoestima. Sería interesante nesta liña levar a cabo obradoiros de educación afectivo-sexual.
- Repartición equitativa das tarefas entre o alumnado para que adquiran unha maior autonomía social para a igualdade de xénero.
- Colaborar activamente co CIM do Concello de Baiona con actividades adaptadas ao alumnado.
- Propoñer ao Claustro que na realización de actividades grupais -tanto na aula como en casa- os grupos de alumnos/-as sexan proporcionais na distribución por sexos.
- En actividades anuais -como a celebración do Magosto- fomentarase a superación de retos en grupos mixtos, gardando sempre a preceptiva distancia social.
- Nas distintas dependencias do centro, colocación de murais e carteis que recollan e salienten o papel da muller en todas as disciplinas: a deportiva, a científica, a literaria, a artística...
- Resolución de conflitos que xurdan derivados da condición de xénero, sempre mediante a reflexión, a mediación, o debate e a busca de consenso.
- Realización de determinadas actividades coincidindo con datas sinaladas, como o 25 de novembro, *Día internacional contra a violencia de xénero*, e 8 de marzo, *Día internacional da Muller*, coa fin de sensibilizar e concienciar ao alumnado sobre cuestións relativas á desigualdade, especialmente sobre a lacra social do maltrato feminino.
- Buscarase a paridade na organización dos tempos, espazos, instalacións e recursos materias do centro. Neste sentido, merecen especial mención o recreo e o patio.

## 6.2. Propostas correctoras durante o tempo de recreo

- Continuar e mellorar as normas no uso do espazo, onde todo o mundo poida participar en igualdade de oportunidades de todo o espazo de recreo.
- Definir que tipo de actividades se poden practicar nos recreos.
- En celebracións como a do Magosto, o alumnado terá que superar retos en grupos mixtos, respectando, en todo momento, as normas anti-Covid.
- Colocación de carteis no pavillón de diferente temática, por exemplo con referencias ao deporte feminino, aos retos grupais, a normas de uso,...
- Permitir que o alumnado manifeste os seus intereses sobre que actividades ou xogos son do seu interese, facendo un especial fincapé nos xogos femininos.
- Xa delimitados nos patios os espazos das diferentes actividades e xogos, desenvolver sen prexuízo todas as accións de lecer, independentemente do sexo ou a idade do alumnado.
- Fomentar un uso correcto da linguaxe durante o xogo: coidar a expresión oral e a linguaxe corporal, as palabras usadas recapacitando sobre a imitación de modelos de conduta.
- Impulsar o xogo limpo, buscando fórmulas de afinidade entre o alumnado: substituír o apretón de mans antes e despois do xogo por un aceno colocando a man sobre o peito, crear fórmulas de cortesía para falar co/-a árbitro...
- Incentivar a arbitrase autónoma por parte do alumnado coma unha parte máis da súa formación, baixo un clima de respecto e cordialidade.
- Fomentar a xestión autónoma das actividades por parte do alumnado, onde eles mesmos se responsabilicen da colocación e recollida do material, sempre baixo a supervisión dun docente.
- Integrar no espazo ás nenas, con actividades de carácter mixto.
- Presentar novos tipos de deportes, xogos ou actividades para tentar cubrir o amplo abano de preferencias do alumnado.
- Explorar novas formas de xogos a través da cooperación en forma de retos, onde o alumnado busque a cooperación por enriba da competición.
- Potenciar o xogo e o deporte feminino como método de discriminación positiva: zonas exclusivas de uso, presenza de mulleres nos equipos para poder levar a cabo a actividade...

### 6.3. Propostas específicas para o curso 2022-2023

No tramo de Educación Secundaria Obrigatoria para este ano académico, programamos as seguintes actuacións, que agardamos se vexan incrementadas durante o discorrer do curso:

- Desde o departamento de Educación Física están previstas as seguintes iniciativas:
  - Dentro do **programa PVAD** (Proxecto de Vida Activa e Deportiva) procurarase:
    - manter a dinámica das charlas de mulleres deportistas.
    - Continuar coa divulgación en diferentes formatos (vídeos, carteis...) das mulleres deportistas e a normalización da realización de actividades físicas.
    - Fomentar e facilitar o acceso á realización de actividade física durante o tempo de lecer.
    - Incentivar a participación no programa XOGADE.
    - Facer a valoración das probas DAFIS e extraer conclusións dos resultados que atinxen ao sexo feminino.
  - Desde do Plan Proxecta, continuarase traballando o patio escolar para facer del un entorno de convivencia; nesta liña fomentarase a participación de todo o alumnado en igualdade, ofertando actividades e xogos innovadores no que todos e todas teñan as mesmas oportunidades e incidindo especialmente nas seguintes actuacións:
    - afrontarase este ano a limitación de espazos de xogo.
    - Dividirase o lugar dispoñible no que todo o mundo teña cabida.
    - Escoitaranse as preferencias do alumnado.
    - Ofertaranse actividades variadas e innovadoras.
    - Farase unha especial énfase na actividade das mulleres facilitando espazos.
  - Desde o programa **EduSaúde** -que fomenta o incremento da actividade física efectiva diaria das mulleres ao longo do horario lectivo- o departamento de Educación Física implementará as seguintes medidas:
    - promoción da aparición da muller en imaxes e vídeos didácticos.
    - Descrición das actividades co uso do xénero gramatical feminino como forma de discriminación positiva.
    - Realización de parellas ou grupos mixtos nas clases como norma xeral.
    - Fomentar actividades máis centradas en roles menos competitivos e máis na xestión, solución de problemas ou a cooperación.

- Desde o Departamento de Tecnoloxía impúlsase o proxecto *Inspira STEAM*, que pon en valor o papel da muller e fomenta as vocacións STEAM entre o alumnado, especialmente entre as nenas, neste caso de 1º ESO.
- Desde o Departamento de Bioloxía prográmanse o seguinte plan de acción:
  - Obradoiros para fomentar a vocación científica entre as nenas, tentando romper o teito de cristal, invisible pero moi sólido, especialmente nestas disciplinas.
  - Obradoiro afectivo-sexual para o alumnado de 1º da ESO, encamiñado a informar e formar a este alumnado nos tipos de relacións, hixiene menstrual, acceso a contidos sexuais na rede, sexualidade sa, etc.
- Dentro do *Plan Proxecta*, con carácter anual, este curso, de novo, o centro participa con nove docentes na actividade interdisciplinar *Quérote +* para o alumnado de 3º de ESO. Consiste nun conxunto de obradoiros que, traballando a orientación e identidade sexual, incide en modelos de relacións afectivo-sexuais respectuosas.
- *Promoción da Actividade Física en horario lectivo*: conxunto de medidas organizativas, metodolóxicas ou de actividades deseñadas para o incremento da actividade física efectiva de todo o alumnado -nenas e nenos- durante o horario lectivo.
- Proposto pola Consellería de Cultura, Universidade, Formación Profesional e Universidades o centro tamén participa -cun número nutrido de docentes- nos Contratos Programa desenvolvendo as seguintes liñas: *Iguála-T*, *Convive-T* e *Inclúe-T*. Con accións, as tres, que interveñan no fomento da coeducación, promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, prevención e tratamento da violencia de xénero, promoción do respecto pola diversidade afectivosexual, prevención e tratamento da LGBTIfobia e outras medidas semellantes. Asemade desenvolveranse medidas que favorezan o clima escolar e as relacións entre os membros da comunidade educativa, actuacións preventivas de condutas violentas ou discriminatorias, actuacións de acollida nos centros educativos, a conciliación ou mediación escolar, a xestión de conflitos, e outras accións similares, así como medidas que fomenten e melloren a inclusión no centro dirixidas á atención á diversidade, á inclusión educativa e social de todo o alumnado, á colaboración con asociacións que traballan na diversidade funcional, ao fomento de recreos igualitarios e inclusivos, á creación de escolas de nais e pais, e outras medidas semellantes vencelladas á diversidade que pon de manifesto a pluralidade do alumnado.

- No ámbito das actuacións da Concellería de Igualdade e o CIM do Concello de Baiona, o noso centro escolar queda á espera da oferta deste ano para sumarnos co alumnado e con todos os recursos dos que dispoñemos.
- A Dirección do centro tamén amosa a súa boa disposición coa ANPA para desenvolver e colaborar en calquera plan de actuación que incida na temática que nos ocupa.